

## CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

### BANDO

#### **AXUDAS PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS**

O martes día 27 de xullo de 2021 saíron publicadas no B.O.P. as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para sufragar os gastos derivados de investimentos/equipamentos coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar o asociacionismo veciñal.

#### **BENEFICIARIOS**

Asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes e asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, todos eles legalmente constituídos e debidamente inscritos no rexistro público correspondente, así como as agrupacións de veciños (integradas como mínimo por 3 persoas).

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- a) Mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais e dos seus accesos.
- b) Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade.
- c) Adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade: mobiliario e equipamento.
- d) Obras novas, de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.
- e) Construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas.
- f) Obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

O importe das subvencións a conceder estará comprendida no intervalo seguinte:

IMPORTE MÁXIMO	IMPORTE MÍNIMO
6.000	1.000€

#### **PRAZO DE SOLICITUDES**

Os interesados poderán formular as correspondentes solicitudes a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no BOP e será de **UN MES**.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 04 de agosto de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Alvares.